

ÍNDICE

1. BASE LEGAL
2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO.
3. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.
4. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS.
5. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA.
6. CRITERIOS XERAIS SOBRE MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.
7. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE.
8. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.
9. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS SUSPENSAS.
10. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.
11. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E TITULACIÓN.
12. CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓN HONORÍFICA (ED. PRIMARIA)
13. DECISIONS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS.
14. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.
15. CONTINUIDADE DO PROCESO DE FORMACIÓN
16. DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN
17. PROCEDIMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.

1. BASE LEGAL

A concreción curricular é o marco que establece o claustro de mestres cos criterios e decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinar por parte dos órganos de coordinación docente para garantir a coherencia na actuación docente.

- ✓ **Lei Orgánica 2/2006**, de 3 de maio, de Educación.
- ✓ **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (LOMLOE).
- ✓ **Orden de 9 de xuño de 2016** pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ **Orde do 2 de marzo de 2021**, pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción... en EP...
- ✓ **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- ✓ **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ **DECRETO 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✓ **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ **Resolución do 26 de maio de 2022** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.

2. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o

CONCRECIÓN CURRICULAR. ANO ACADÉMICO 2022/23

pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non - discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e a lingua cooficial da comunidade autónoma, e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

l) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal esocial.

n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar xeitos de comportamento que favorezan o seu coidado.

ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico

3. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito

CONCRECIÓN CURRICULAR. AÑO ACADÉMICO 2022/23

interdisciplinario.

Debido a que durante o curso académico 2022/23, na Educación Primaria, convivirán dúas leis educativas teremos que facer referencia ás competencias establecidas na LOE-LOMCE para o 2º, 4º e 6º niveis e, as competencias establecidas pola LOE-LOMLOE para o 1º, 3º e 5º niveis.

As competencias que debemos desenvolver no 2º, 4º e 6º niveis de Educación Primaria son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

No que ao 1º, 3º e 5º nivel de Educación Primaria se refire, as competencias a desenvolver son as que a continuación se relacionan:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia Plurilingüe.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión culturais.

Cabe sinalar que todas elas constan de 3 dimensións: cognitiva (compresión e asimilación de información), instrumental (uso dos coñecementos para a obtención de resultados) e actitudinal (capacidade de acción ou reacción ante ideas ou situacións).

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

No que a avaliación das competencias clave se refire, está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade

CONCRECIÓN CURRICULAR. ANO ACADÉMICO 2022/23

as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os criterios de avaliación ou os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

Na avaliación de cada competencia terase en consideración a valoración que o docente que imparta cada área estableza tendo en conta os criterios de avaliación ou os estándares elexidos no perfil competencial. En función do peso outorgado a cada criterios ou estándar establecerase a calificación final de cada competencia

4. CRITERIOS PARA A INCORORACIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Nos últimos anos a sociedade sensibilizouse nalgúns aspectos que inciden directamente na marcha do sistema. Algúns trátanse sempre dentro do currículo, outros son elaborados como complemento á programación. Son temas de impacto actual e de gran importancia que deben tratarse:

- Educación para a convivencia: O feito de que a propia escola sexa o lugar de encontro entre persoas distintas que forman unha comunidade e cuxos intereses non sempre son harmónicos, fai da escola un lugar idóneo para poder aprender por propia experiencia esa actitudes básicas e necesarias para unha convivencia realmente libre, solidaria, democrática e participativa. Por outro lado, a construción de actitudes que estimulen ao diálogo como vía de resolución de conflitos entre persoas ou grupos será o noso obxectivo básico.
- Educación do consumidor: Os nenos/as son os máis afectados no acoso publicitario que actualmente reina neste modo de vida. Por isto debemos instrumentalizar actividades que outorguen no posible criterios para o uso adecuado dos materiais en función da súa utilización e non de modas ou campañas publicitarias.
- Educación para a saúde: Promovendo unha alimentación adecuada (sobre todo nas merendas que traen ao centro) e fomentar un exercicio que sexa adecuado e estruturada para promover unha boa calidade de vida.
- Educación ambiental: Se traballamos o espazo natural como algo realmente noso teremos que ensinar a coidalo, tendo un coidado minucioso do entorno e unha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural.
- Educación vial: traballaremos aspectos espazo- temporais, de orientación e o coñecemento das nosas rúas, dos sinais e dos modelos de convivencia tanto de peóns como de usuarios dun transporte.
- Educación intercultural: contribuindo a que todos os nosos alumnos/as, independentemente da súa raza, aprendan a convivir na nosa escola como espazo democrático, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social. Procurando fomentar valores e principios que sosteñan unha vida pacífica fora de racismos e intolerancias.

CONCRECIÓN CURRICULAR. ANO ACADÉMICO 2022/23

- Coeducación: herdada dunha estrutura social e familiar hai un tratamento desigual dos nenos/as na escola, sempre reflexo do que ocorre na sociedade. Polo tanto modificaremos hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual.

- Educación para a paz: nestas idades os conflitos de relación son bastante frecuentes. Os roces, os choques, os enfados fan que as veces xurdan belixerantes relacións. Coas nosas actividades debemos encouzar estas situación para dar a posibilidade de solucionarlas polo camiño da aceptación dos erros, da comprensión ou da palabra fronte á agresividade.

- Cultura galega: O coñecemento e práctica de actividades que favorezan un acercamento á comprensión e respecto das peculiaridades do noso país.

En todas as áreas do currículo trabállanse unha serie de contidos implícitos que aparecen recollidos no artigo 10 del RD 126/2014 e o artigo 11 do D105/2014, denominados elementos transversais, coa finalidade de que o alumno/a alcance o seu máximo desenvolvemento integral. Son os seguintes:

- A comprensión lectora: saber comprender é un dos grandes obxectivos que debe acadar o alumnado na etapa de EP.
- Expresión oral e escrita: é outro dos principais obxectivos que se deben acadar ao finalizar a etapa.
- As tecnoloxías da información e comunicación: tendo en conta que a escola é a porta cara o futuro, debe ir en consonancia coas novas esixencias formativas da sociedade.
- Emprendemento: afianzarán o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza en si mesmo e o sentido crítico.
- Educación cívica e constitucional: ten como obxectivo axudar a analizar criticamente a realidade e favorecer a convivencia. Ademais destes, desde a área de lingua castelá contribuiremos ao desenvolvemento, principalmente, dos seguintes valores: igualdade entre homes y mulleres, prevención e resolución pacífica de conflitos, situacións de risco, educación e seguridade viaria, así como desenvolvemento sostido e medio ambiente.

5. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA.

Pretendemos que o noso modelo de educación sexa integral favorecendo o desenvolvemento de capacidades, valores e procedementos na aprendizaxe do neno/a. Deste xeito, convertémonos nun mestre/a mediador/a que trata de que os nosos alumnos/as desenvolvan as súas capacidades (ensinar a pensar) e valores (ensinar a querer).

Todo isto dentro dunha aprendizaxe global que busca a integración do maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando coñecementos, procedementos e actitudes. No noso traballo diario utilizaremos os modelos metodolóxicos que consideremos mellores para adquirir os nosos obxectivos. Entre estes modelos temos:

CONCRECIÓN CURRICULAR. AÑO ACADÉMICO 2022/23

- Discurso expositivo.
- Discurso de experiencias.
- Talleres.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.

Como principios metodolóxicos teremos en conta:

- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Motivación.
- Personalización.
- Inclusión.
- Interacción.
- Significatividade.
- Funcionalidade.
- Globalización.
- Avaliación formativa.

- Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

- A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

- A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros organizarán a súa práctica docente de forma que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a vinte minutos.

CONCRECIÓN CURRICULAR. ANO ACADÉMICO 2022/23

- A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade dos/das alumnos/as, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as eles/ as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.
- Prestaráselles especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.
- Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.
- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O punto de partida da aprendizaxe dos/as alumnos/as son primeiro os coñecementos previos.

- Búscanse tarefas que captan a motivación do alumnado e facilitan así a aprendizaxe.
- Tense en conta que os nenos/as aprendan de distintas formas e a ritmos diferentes polo que se flexibilizarán as tarefas de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar.
- Considerarase o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe, dándolle así aos alumnos/as confianza en si mesmos/as.

Cabe destacar que a acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado dunha coordinación permanente co profesorado, cun contacto directo co departamento de orientación co IES ao que estamos adscritos, co fin de lograr un desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo en común. Levaremos a cabo unha serie de medidas curriculares, así como diversas vías de comunicación que faciliten a transición dunha etapa á outra.

6. CRITERIOS XERAIS SOBRE MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos empregados na Educación Primaria, centrándose principalmente nos recursos e materiais didácticos.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto.

De tal modo, establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

Adecuación ao contexto educativo do centro.

1. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
2. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
3. A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade

CONCRECIÓN CURRICULAR. ANO ACADÉMICO 2022/23

interna de cada área.

4. A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
5. A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
6. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
7. A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
8. Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

Con respecto aos recursos humanos estes son:

- O/a mestre/a titor/a.
- Os mestres/as especialistas.
- O departamento de orientación.
- Os/as propios/as alumnos/as e as súas familias.
- Comunidade educativa.

7. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE.

O alumnado que non opte pola área de relixión católica impartiráselle a materia de Atención Educativa (EI), e Educación en valores cívicos e sociais (2º, 4º e 6º de EP). Para estas sesións aconséllase:

- Traballo en valores, igualdade e coeducación.
- A educación emocional.

Coa implantación da LOMLOE no 1º, 3º e 5º niveis de Educación Primaria durante o presente ano académico 2022/23, ao alumnado que non opte pola área de relixión católica impartiráselle a área de Proxecto Competencial que estará enfocada ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta materia irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinaria e a conexión entre os diferentes saberes e en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha materia da etapa.

Como materia de libre configuración, o centro establece para o alumnado de 4º e 6º de Educación Primaria a materia de Afondamento nas áreas de LC e MT cunha dedicación dunha sesión semanal. Ademais ofértase a posibilidade de que o alumnado curse Arts (en Lingua Inglesa) de 1º a 6º de Educación Primaria

8. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

CONCRECIÓN CURRICULAR. ANO ACADÉMICO 2022/23

O centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado. Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

9. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONA CON MATERIAS SUSPENSAS.

Toda a práctica educativa estará enfocada á atención da diversidade. A escola, como a sociedade, acolle diversidade de persoas con características e necesidades propias. Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión
- Partiremos do nivel de cada alumno/a.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, fomentando a reflexión e o diálogo ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. Reciben este tipo de reforzo aqueles alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía (artigo 46 da Orde do 8 de setembro de 2021), poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental, lingua castelá, lingua galega e matemáticas. Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos

CONCRECIÓN CURRICULAR. ANO ACADÉMICO 2022/23

procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario.

Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais.

Empregaranse instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, co fin de permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado.

Igualmente, o profesorado informará a todo o alumnado sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparado polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.

Outra das medidas con carácter curricular a adoptar serán as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.

As adaptacións curriculares (medida extraordinaria) refírense ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais. O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso.

Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte do profesorado de pedagogía terapéutica e e, se é o caso, por parte do profesorado de audición el linguaxe.

Segundo o recollido no artigo 55 da Orde do 8 de setembro de 2022, no caso do alumnado que conte con adaptación curricular, aprobada polo servizo de inspección educativa, debemos ter en conta o seguinte:

- Responsables:

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizarase por partedo profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso.

- Cualificacións:

As cualificacións expresaranse nos mesmos termos que os establecidos na normativaxeral que regula a avaliación da ensinanza en que estea matriculado o alumnado.

- Referentes:

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita

CONCRECIÓN CURRICULAR. AÑO ACADÉMICO 2022/23

adaptación, sen que isto poida impedirles a promoción ou titulación.

- Información ás familias:

A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno.

O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

10. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLAN ESPECÍFICOS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN AÑO MÁIS NO MESMO CURSO.

No caso de alumnado que non acade a promoción, o equipo docente organizará un Plan Específico Personalizado, elaborado segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 (art.50), coa finalidade de adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna/o, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. O plan específico de reforzo deberá incluír, cando menos os seguintes epígrafes:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a permanencia un ano máis no mesmo curso.
- c) Medidas de atención á diversidade adoptadas.
- d) Medias de atención á diversidade que se estiman oportunas de cara ao vindeiro curso académico.
- e) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- f) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- g) Acreditación da información á familia.

A atención ao alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental deste curso, que persegue a educación integral de todos os alumnos e alumnas e que se materializa na necesaria integración de todo o alumnado.

Tomaranse medidas adecuadas ás necesidades educativas do alumnado.

Por unha banda, mediante respostas de tipo curricular, que se concretan na elaboración, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares con distintos graos de significatividade.

CONCRECIÓN CURRICULAR. ANO ACADÉMICO 2022/23

Por outra banda, respostas organizativas, que teñen que ver coa organización dos recursos humanos e materiais do centro para atender este alumnado e coa planificación das medidas educativas máis adecuadas para asegurar o seu adecuado progreso.

Tomaranse medidas de reforzo como os apoios nas áreas de lingua e matemáticas, e se fose necesario, as adaptacións do currículo. Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias.

O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, como para orientalos e promover a súa cooperación.

Así mesmo, asegurará a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións mediante procedementos de coordinación do equipo educativo que permitan adoptar acordos sobre a avaliación e sobre as medidas que deben poñerse en marcha para responder ás necesidades detectadas.

Facilitarase a integración dos alumnos/as no seu grupo e no conxunto da dinámica da aula.

Potenciarase o esforzo individual e o traballo en equipo.

Efectuarase un seguimento global da aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais e recorrer aos apoios ou actividades adecuadas.

Favoreceranse procesos de mellora educativa a través da coordinación co equipo de apoio, realizando as adaptacións curriculares necesarias.

Estableceranse as canles de colaboración, apoio e asesoramento coas familias para o logro dun desenvolvemento integral dos seus fillos e fillas.

Banco de materiais de reforzo educativo sempre dispoñible na aula.

É moi importante o traballo que se pode realizar con eles dentro da aula, ademais do apoio individualizado por parte dun mestre/a de apoio especialista.

No referente ao traballo de apoio na aula, irá encamiñado sempre á consecución dos aprendizaxes definidos para todo o grupo e, coa colaboración do profesorado de apoio estableceranse Adaptacións Non Significativas que permitirán acceder aos alumnos/as ás aprendizaxes.

Reforzo fóra de aula, coas mestras especialistas de AL e PT, coas que anticiparán ou reforzarán contidos impartidos no resto de horas.

Salientar tamén que un neno ou nena pode flexibilizar co adianto dun curso académico se é considerado un alumno/a con altas capacidades. Dito proceso contempla unha serie de pasos de actuación por parte do profesorado os cales contemplamos en todo momento por se temos dita casuística co noso alumnado. Esta medida soamente se poderá levar a cabo unha vez en toda a etapa.

En canto a avaliación do plan de reforzo, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan

CONCRECIÓN CURRICULAR. ANO ACADÉMICO 2022/23

específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que se estimen oportunos.

Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

11. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN.

Para a avaliación tomamos como referente a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 polo que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción.

A avaliación no centro ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, así como da propia práctica docente.

- Atención ás diferenzas individuais na avaliación.

A avaliación será adaptada as circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo; esta adaptación en ningún caso se terá en conta para aminorar a cualificación obtida polo alumnado.

- Avaliación.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa, os **criterios de avaliación**, de ser o caso, os **estándares de aprendizaxe** que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia ou os saberes básicos asociados a cada área introducidos coa LOMLOE.

Os criterios de cualificación estarán determinados polos datos obtidos a través dos distintos instrumentos de avaliación indicados nas programacións do seguinte xeito.

RELIXIÓN CATÓLICA

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA						OBSERVACIÓNS	POSIBLES INSTRUMENTOS A EMPREGAR
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP		
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade.	30%	40%	50%	50%	60%	60%	- Probas obxectivas.	- Actividades de traballo diario. - Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Probas orais e/ou escritas. - Cuestionarios. - Mapas conceptuais. - Fichas de indagación. - Fichas gráficas.
Traballo persoal.	40%	30%	30%	30%	30%	30%	- Realización correcta das tarefas escolares e extraescolares diarias. - Organización e boa presentación das tarefas realizadas.	- Rexistro de actividades na aula. - Rexistro de entrega de tarefas en prazo. - Fichas de metacognición. - Resumos. - Traballos. - Resolución de exercicios. - Guía de observación. - Lista de cotexos.
Actitude	30%	30%	20%	20%	10%	10%	- Interese. - Motivación. - Curiosidade - Constancia e regularidade no traballo. - Esfuerzo. - Participación. - Colaboración. - Cumprimento de normas.	- Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Rexistro de incidencias. - Observación directa.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS /
PROXECTO COMPETENCIAL

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA						OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTOS A EMPREGAR
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP		
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade.	20%	20%	30%	30%	30%	30%	- Probas obxectivas.	- Actividades de traballo diario. - Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Probas orais e/ou escritas. - Cuestionarios. - Mapas conceptuais. - Fichas de indagación. - Fichas gráficas.
Traballo persoal.	60%	60%	40%	40%	50%	50%	- Realización correcta das tarefas escolares e extraescolares diarias. - Organización e boa presentación das tarefas realizadas.	- Rexistro de actividades na aula. - Rexistro de entrega de tarefas en prazo. - Fichas de metacognición. - Resumos. - Traballos. - Resolución de exercicios. - Guía de observación. - Lista de cotexos.
Actitude	20%	20%	30%	30%	20%	20%	- Interese. - Motivación. - Curiosidade - Constancia e regularidade no traballo. - Esfuerzo. - Participación. - Colaboración. - Cumprimento de normas.	- Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Rexistro de incidencias. - Observación directa.

MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA						OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTOS A EMPREGAR
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP		
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade.	40%	40%	50%	50%	50%	50%	- Probas obxectivas.	- Actividades de traballo diario. - Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Probas orais e/ou escritas. - Cuestionarios. - Mapas conceptuais. - Fichas de indagación. - Fichas gráficas.
Traballo persoal.	40%	40%	30%	30%	30%	30%	- Realización correcta das tarefas escolares e extraescolares diarias. - Organización e boa presentación das tarefas realizadas.	- Rexistro de actividades na aula. - Rexistro de entrega de tarefas en prazo. - Fichas de metacognición. - Resumos. - Traballos. - Resolución de exercicios. - Guía de observación. - Lista de cotexos.
Actitude	20%	20%	20%	20%	20%	20%	- Interese. - Motivación. - Curiosidade - Constancia e regularidade no traballo. - Esfuerzo. - Participación. - Colaboración. - Cumprimento de normas.	- Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Rexistro de incidencias. - Observación directa.

LENGUA CASTELLANA

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA						OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTOS A EMPREGAR
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP		
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade.	40%	40%	50%	50%	50%	50%	- Probas obxectivas.	- Actividades de traballo diario. - Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Probas orais e/ou escritas. - Cuestionarios. - Mapas conceptuais. - Fichas de indagación. - Fichas gráficas.
Traballo persoal.	40%	40%	30%	30%	30%	30%	- Realización correcta das tarefas escolares e extraescolares diarias. - Organización e boa presentación das tarefas realizadas.	- Rexistro de actividades na aula. - Rexistro de entrega de tarefas en prazo. - Fichas de metacognición. - Resumos. - Traballos. - Resolución de exercicios. - Guía de observación. - Lista de cotexos.
Actitude	20%	20%	20%	20%	20%	20%	- Interese. - Motivación. - Curiosidade - Constancia e regularidade no traballo. - Esfuerzo. - Participación. - Colaboración. - Cumprimento de normas.	- Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Rexistro de incidencias. - Observación directa.

LINGUA GALEGA								
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA						OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTOS A EMPREGAR
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP		
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade.	40%	40%	50%	50%	50%	50%	- Probas obxectivas.	- Actividades de traballo diario. - Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Probas orais e/ou escritas. - Cuestionarios. - Mapas conceptuais. - Fichas de indagación. - Fichas gráficas.
Traballo persoal.	40%	40%	30%	30%	30%	30%	- Realización correcta das tarefas escolares e extraescolares diarias. - Organización e boa presentación das tarefas realizadas.	- Rexistro de actividades na aula. - Rexistro de entrega de tarefas en prazo. - Fichas de metacognición. - Resumos. - Traballos. - Resolución de exercicios. - Guía de observación. - Lista de cotexos.
Actitude	20%	20%	20%	20%	20%	20%	- Interese. - Motivación. - Curiosidade - Constancia e regularidade no traballo. - Esfuerzo. - Participación. - Colaboración. - Cumprimento de normas.	- Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Rexistro de incidencias. - Observación directa.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA						OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTOS A EMPREGAR
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP		
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade.	30%	40%	50%	50%	60%	60%	- Probas obxectivas.	- Actividades de traballo diario. - Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Probas orais e/ou escritas. - Cuestionarios. - Tests. - Fichas de indagación. - Fichas gráficas.
Traballo persoal.	40%	30%	30%	30%	30%	30%	- Realización correcta das tarefas escolares e extraescolares diarias. - Organización e boa presentación das tarefas realizadas.	- Rexistro de actividades na aula. - Rexistro de entrega de tarefas en prazo. - Fichas de metacognición. - Traballos. - Resolución de exercicios. - Guía de observación. - Lista de cotexos.
Actitude	30%	30%	20%	20%	10%	10%	- Interese, motivación e curiosidade. - Constancia e regularidade no traballo. - Esfuerzo. - Participación e olaboración. - Cumprimento das normas.	- Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Rexistro de incidencias. - Observación directa.

CIENCIAS DA NATUREZA

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA						OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTOS A EMPREGAR
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP		
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade.	40%	40%	50%	50%	60%	60%	- Probas obxectivas.	- Actividades de traballo diario. - Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Probas orais e/ou escritas. - Cuestionarios. - Mapas conceptuais. - Fichas de indagación. - Fichas gráficas.
Traballo persoal.	40%	40%	30%	30%	20%	20%	- Realización correcta das tarefas escolares e extraescolares diarias. - Organización e boa presentación das tarefas realizadas.	- Rexistro de actividades na aula. - Rexistro de entrega de tarefas en prazo. - Fichas de metacognición. - Resumos. - Traballos. - Resolución de exercicios. - Guía de observación. - Lista de cotexos.
Actitude	20%	20%	20%	20%	20%	20%	- Interese. - Motivación. - Curiosidade - Constancia e regularidade no traballo. - Esfuerzo. - Participación. - Colaboración. - Cumprimento de normas.	- Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Rexistro de incidencias. - Observación directa.

CIENCIAS SOCIAIS								
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA						OBSERVACIÓN	INSTRUMENTOS A EMPREGAR
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP		
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade.	40%	40%	50%	50%	60%	60%	- Probas obxectivas.	- Actividades de traballo diario. - Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Probas orais e/ou escritas. - Cuestionarios. - Mapas conceptuais. - Fichas de indagación. - Fichas gráficas.
Traballo persoal.	40%	40%	30%	30%	20%	20%	- Realización correcta das tarefas escolares e extraescolares diarias. - Organización e boa presentación das tarefas realizadas.	- Rexistro de actividades na aula. - Rexistro de entrega de tarefas en prazo. - Fichas de metacognición. - Resumos. - Traballos. - Resolución de exercicios. - Guía de observación. - Lista de cotexos.
Actitude	20%	20%	20%	20%	20%	20%	- Interese. - Motivación. - Curiosidade - Constancia e regularidade no traballo. - Esfuerzo. - Participación. - Colaboración. - Cumprimento de normas.	- Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Rexistro de incidencias. - Observación directa.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA /
MÚSICA E DANZA

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA						OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTOS A EMPREGAR
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP		
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade.	50%	50%	70%	70%	80%	80%	- Probas obxectivas.	- Actividades de traballo diario. - Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Probas orais e/ou escritas. - Cuestionarios. - Mapas conceptuais. - Fichas de indagación. - Fichas gráficas.
Traballo persoal.	25%	25%	15%	15%	10%	10%	- Realización correcta das tarefas escolares e extraescolares diarias. - Organización e boa presentación das tarefas realizadas.	- Rexistro de actividades na aula. - Rexistro de entrega de tarefas en prazo. - Fichas de metacognición. - Resumos. - Traballos. - Resolución de exercicios. - Guía de observación. - Lista de cotexos.
Actitude	25%	25%	15%	15%	10%	10%	- Interese. - Motivación. - Curiosidade - Constancia e regularidade no traballo. - Esforzo. - Participación. - Colaboración. - Cumprimento de normas.	- Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Rexistro de incidencias. - Observación directa.

**EDUCACIÓN
ARTÍSTICA:PLÁSTICA/
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL**

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA						OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTOS A EMPREGAR
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP		
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas en cada unidade.	20%	20%	30%	30%	50%	50%	- Probas obxectivas.	- Actividades de traballo diario. - Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Probas orais e/ou escritas. - Cuestionarios. - Mapas conceptuais. - Fichas de indagación. - Fichas gráficas.
Traballo persoal.	60%	60%	50%	50%	30%	30%	- Realización correcta das tarefas escolares e extraescolares diarias. - Organización e boa presentación das tarefas realizadas.	- Rexistro de actividades na aula. - Rexistro de entrega de tarefas en prazo. - Fichas de metacognición. - Resumos. - Traballos. - Resolución de exercicios. - Guía de observación. - Lista de cotexos.
Actitude	20%	20%	20%	20%	20%	20%	- Interese. - Motivación. - Curiosidade - Constancia e regularidade no traballo. - Esfuerzo. - Participación. - Colaboración. - Cumprimento de normas.	- Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Rexistro de incidencias. - Observación directa.

EDUCACIÓN FÍSICA

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	VALORACIÓN EN CADA CURSO DA ETAPA						OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTOS A EMPREGAR
	1ºEP	2ºEP	3ºEP	4ºEP	5ºEP	6ºEP		
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desvoltas en cada unidade.	40%	40%	40%	40%	50%	50%	Probas Obxectivas	Observación directa Resistro anecdótico
Traballo persoal.	40%	40%	40%	40%	30%	30%	Participación e interese.	Observación e rexistro anecdótico.
Actitude.	20%	20%	20%	20%	20%	20%	<ul style="list-style-type: none"> - Motivación. - Constancia e regularidade no traballo. - Esfuerzo. - Colaboración. - Cumprimento das normas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Lista de control. - Rexistro anecdótico. - Rexistro de incidencias. - Observación directa.

CONCRECIÓN CURRICULAR. AÑO ACADÉMICO 2022/23

A cualificación final de cada unha das materias progresivas (LC, LG, MT, LE, EF, EA, MeD, EPeV, RC, VSeC e PC) corresponderase coa **MEDIA PONDERADA*** das cualificacións obtidas polo alumnado nas tres avaliacións parciais, aproximada ata as centésimas (se estas igualan ou superan 500, enténdese que a nota final é a correspondente co número enteiro posterior), tendo un peso/valor cada unha segundo se especifica:

1ª AVALIACIÓN	2º AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
20%	30%	50%

En cada avaliación estableceranse mecanismos que permitan comprobar o progreso en todos os aspectos avaliados anteriormente.

En canto ás materia non progresivas (CCSS e CCNN) a cualificación final de cada unha destas materias será a resultante do cálculo da **MEDIA ARITMÉTICA** das tres avaliacións parciais realizadas ao longo do curso académico, aproximada ata as centésimas. Se estas igualan ou superan 500, enténdese que a nota final é a correspondente co número enteiro posterior.

No caso do alumnado con adaptación curricular serán os referentes de avaliación serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

Cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

CONCRECIÓN CURRICULAR. AÑO ACADÉMICO 2022/23

- Promoción:

No que á promoción se refire terase en conta o exposto no artigo 6 da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

- No 1º, 3º e 5º nivel de Educación Primaria a promoción será automática.
- Ao finalizar o 2º, 4º e 6º nivel da educación primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Este proceso contará en todo momento co asesoramento do Departamento de Orientación.

A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase si, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Os criterios de promoción son un conxunto de acordos que concretan e adaptan ao contexto do centro docente os criterios xerais de avaliación establecidos na normativa vixente que resulte de aplicación.

O alumnado promocionará ao nivel ou etapa seguinte sempre que o equipo docente considere que alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias e o axeitado grao de madureza. Así mesmo promocionará sempre que as aprendizaxes non alcanzadas non lle impidan seguir con aproveitamento o novo nivel ou etapa.

Na sesión de avaliación para a decisión de promoción, o equipo docente estudará por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada alumno ou alumna, atendendo á natureza das súas dificultades e analizando se estas lle impiden verdadeiramente seguir con éxito o curso seguinte, así como as expectativas favorables de recuperación.

O alumno/a poderá repetir unha soa vez en Educación Primaria. Esta medida poderase adoptar unha soa vez ao longo da Educación Primaria, terá carácter excepcional e irá acompañada dun PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO orientado a que durante este curso o/a alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Para a elaboración deste plan seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021. No caso de que fora necesaria unha segunda repetición (extraordinaria) en Educación Primaria, será determinante o asesoramento e decisión do Departamento de Orientación do Centro.

O equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado tendo en conta os seguintes aspectos:

- a) Aspectos emocionais e relacionais.
- b) Evolución do alumno/a.
- c) Posibilidades de progreso.

CONCRECIÓN CURRICULAR. AÑO ACADÉMICO 2022/23

- d) Análise xeral do grupo de referencia e do grupo do que o alumno/a pasaría a formar parte, valorando así a integración do alumno/a.
- e) Grao de adquisición das competencia clave.
- f) Informe da persoa titora.
- g) Informe do Departamento de Orientación, de ser o caso.

Cabe destacar que ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa o/a titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Ao finalizar a etapa cada alumno/a disporá dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

12. CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓN HONORÍFICA (ED. PRIMARIA)

En base ao Artigo 5.4 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación e outorgarase ao alumnado cunha nota media de 9,00 ou superior.

13. DECISIONS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Tomando como referencia o Preámbulo o Decreto 105/2015 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro) e seguindo o establecido na Resolución do 26 de maio de 2022 pola que se ditan as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e BACH no curso académico 2022-23 cada docente do centro elaborará a principio de curso, respectando os prazos establecidos, as programacións didácticas das áreas que imparte. Todas estas programacións reflectirán os elementos establecidos no artigo 41 da citada con anterioridade resolución.

14. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, así como

CONCRECIÓN CURRICULAR. ANO ACADÉMICO 2022/23

outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que:

- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas áreas das linguas.
- Permiten crear lectores/as eficientes.
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

15. CONTINUIDADE DO PROCESO DE FORMACIÓN

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

Debido a inestabilidade dos membros do claustro do centro, acórdase facer extensible esta actuación ao resto de niveis da etapa.

16. DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os documentos oficiais de avaliación, así como o procedemento de expresión dos resultados de avaliación axustaranse ao previsto, para a educación primaria, no artigo 14 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- a) As actas de avaliación dos diferentes cursos de educación primaria, pecharanse ao termo do período lectivo ordinario.
- b) No historial académico de educación primaria consignaranse os resultados da avaliación que terá lugar ao finalizar o curso.

As seguintes medidas curriculares e organizativas aplicadas reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado, respectivamente, coas seguintes iniciais:

- RE = reforzo educativo

- ACS = adaptación curricular
- EC = enriquecemento curricular
- AF = agrupamento flexible

17. PROCEDIMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás novas modificacións lexislativas que vaian xurdindo.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características do centro.

CONCRECIÓN CURRICULAR. AÑO ACADÉMICO 2022/23

Dilixencia para facer constar que esta concreción curricular foi presentada ao Claustro de Mestres, analizada e aprobada por este, o día 1 de setembro de 2022, sendo engadida ás programacións didácticas de cada área e nivel/curso.

Segundo o disposto na disposición transitoria cuarta, punto 2, Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia, o alumnado foi informado das modificacións realizadas a través do equipo docente de cada curso e as familias respectivas informadas a través das canles habituais de comunicación con estas (páxina web, espazo abalar e, nos casos que se solicita, de forma presencial).

A Rúa de Valdeorras, 1 de setembro de 2022.

O director

Asdo.: Emilio M. González López